



Confederación Intersindical Galega

# 1º de Maio

## Non á política de pacto social

Cando en 1889 a Segunda Internacional acordou proclamar o 1º de Maio como día internacional da clase traballadora, ademais de render homenaxe aos traballadores asasinados pola policía ou condenados a morte en Chicago en 1886, quixo pór unha data de referencia que simbolizase a loita da clase traballadora de todo o mundo polos seus dereitos, por unhas condicións de vida dignas e pola súa emancipación como clase.

**D**ESDE sempre o sindicalismo nacionalista fixemos pois do 1º de Maio unha data reivindicativa de defensa dos nosos intereses específicos como clase traballadora galega, en solidariedade co resto dos traballadores e traballadoras do mundo, opóndonos así aos intentos do capital de dar por rematada a loita de clases e de facer desta data unha xornada festiva máis.

Van aló máis de 120 anos dos feitos que deron lugar a esta conmemoración e seguimos tendo que afrontar todos os días numerosos conflitos laborais, en defensa do posto de traballo, pola mellora dos salarios, contra os recortes dos nosos dereitos laborais ou en defensa do sistema público de protección social. Exemplos todos eles de que a explotación da clase traballadora, consubstancial ao propio sistema capitalista, está moi presente e polo tanto a loita de clases tamén.

A crise económica, as causas que a provocaron e as saídas que están a propor os poderes económicos e políticos, son demostrativos do carácter de clase do actual sistema de capitalismo neoliberal, contrario aos intereses da clase traballadora e claramente ao servizo dos intereses da oligarquía financeira.

A crise económica está motivada polo fomento, por parte da maioría dos gobernos e das institucións financeiras, dunha economía altamente especulativa, ficticia, á que se están a desviar inxentes cantidades de beneficios obtidos na actividade produtiva. Unha economía xeradora dun enorme lucro para os especuladores e a oligarquía financeira, a custa da redución de salarios, precarización das condicións laborais e recorte de dereitos á clase traballadora.

As propostas que se están a facer de saída á crise, por parte da Xunta de Galiza, Patronal e Goberno central, van dirixidas a recortar gasto público, facilitar o despedimento, privatizar servizos públicos e de asistencia social, rebaixar salario, etc., medidas todas elas encamiñadas a que sexa a clase traballadora quen pague as consecuencias da recesión económica. Entrementes, os grandes bancos e as grandes empresas que cotizan en Bolsa, obtiveron milleiros de millóns de euros de beneficio durante o ano 2009, en plena crise económica e despois de recibir, en moitos casos, suculentas cantidades de fondos públicos. É na complicidade con estas políticas onde hai que situar as propostas do Goberno español, de reforma do mercado laboral, así como o Pacto salarial asinado por CCOO-UGT-CEOE para os próximos tres anos.



Temos que reivindicar a mellora do poder adquisitivo dos salarios, a estabilidade no emprego, o incremento do gasto público produtivo, unha política fiscal realmente progresiva, a eliminación dos paraísos fiscais, uns servizos públicos e un sistema público de protección social dignos, o apoio aos sectores produtivos, investimentos en I+D+i, a creación dunha banca pública e un forte control e presenza de capital público en sectores estratéxicos como o financeiro, enerxético ou de telecomunicacións.

Este tipo de reivindicacións e de conquistas non van vir, como pretenden facernos crer as centrais sindicais estatais, das chamadas mesas do diálogo social e da política de Pacto Social que practican. Cómpre, pois, mobilizarnos e presionar o Goberno español e a Xunta de Galiza, para que rachen co modelo neoliberal e co seu sometemento aos intereses do capital financeiro, e leven adiante unhas políticas públicas orientadas á defensa dos intereses da maioría social, no camiño da conformación dun modelo social e económico máis xusto, solidario, igualitario, democrático e galego.

# 0 deficit público que o pague o capital

## REFORMA FISCAL XA!!!

### Manifestacións

Comarca:	Hora:	Saida dende
Vigo	ás 12,00 h.	Cruce da Doblada
Coruña	ás 12,00 h.	Praza de Vigo
Santiago	ás 12,30 h.	Praza Roxa
Pontevedra	ás 12,30 h.	Praza da Ferrería
Ferrol	ás 12,00 h.	Avda. de Esteiro (local da CIG)
Lugo	ás 12,30 h.	Ronda da Muralla (edificio sindical)
Ourense	ás 12,00 h.	Pavillón dos Remedios
Ribadeo	ás 12,30 h.	Edificio Sindical



Confederación Intersindical Galega

# Emprego e salarios dignos

